

Acta da sesión ordinaria do **Comité Ambiental** celebrada o día **25 de febreiro de 2025**, de forma híbrida (presencialmente na aula -1/3 da Facultade de Ciencias da Educación e virtualmente a través de Teams), coa asistencia dos seguintes membros:

Ánxela Bugallo Rodríguez, Miriam Carretero García, Alejandro Cores Torres, Adrián Couto Pintor, Francisco Devesa Dourado, Nuria Domínguez Castrillón, Eva María Espiñeira Bellón, Saray Fariñas Fernández, Pedro Fernández Azofra, Natalia Fernández Cidre, Irene Fernández Franco, Pablo Forján Botana, Julia Galego Díaz, Antonio García Maceiras, Marta Garea Patiño, Yolanda Golías Pérez, Aroa González Boquete, Rebeca González Fontán, Lía González Gómez, Clara Iglesias Bello, Blanca Laffon Lage, Cristina Lois Magariños, Marta Lombao Castro, Laura López Solórzano, Elena Martínez Fernández, Alicia Gloria Risso Miguez, Juan Carlos Rivadulla López, Paula Sánchez Basante, Sara Sánchez Veiga, Sara Soto Pensado, Carla Souto Morán, Noelia Souto Taboada, Patricia Suárez Álvarez, Gabriela Varela Vidal, Lucía Vázquez Ben, Pedro José Vega Marcote, Laura Vidal Porto, Cristina Vidal Abuín, Victoria Villaverde Suárez.

Desculpan a súa asistencia a decana Ana Sánchez Bello, a vicedecana de Planificación, Infraestruturas e Sostenibilidade Adela Milagro Reig Botella e a profesora Mar Rodríguez Romero.

Comeza a sesión ás 18:00 horas, para tratar a seguinte **Orde do día**:

1. Lectura e aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior (12/11/2024).

Como a acta fóra posta a disposición dos presentes con anterioridade á reunión e ninguén presenta suxestións, apróbase esta por asentimento.

2. Incorporación da bolsa e de novos membros ao Comité Ambiental da Facultade

Toma a palabra o profesor Pedro Vega Marcote, como coordinador técnico do Comité Ambiental, para dar as grazas pola súa asistencia aos membros presentes na reunión. Seguidamente, anuncia a incorporación e dá a benvida a Cristina Lois Magariños, nova bolsa do Comité Ambiental da Facultade de Educación, e máis ao alumnado que formará parte do Comité por este curso: Alejandro Cores Torres, Adrián Couto Pintor, Francisco Devesa Dourado, Nuria Domínguez Castrillón, Saray Fariñas Fernández, Pedro Fernández Azofra, Natalia Fernández Cidre, Irene Fernández Franco, Pablo Forján Botana, Julia Galego Díaz, Antonio García Maceiras, Marta Garea Patiño, Aroa González Boquete, Rebeca González Fontán, Lía González Gómez, Clara Iglesias Bello, Marta Lombao Castro, Laura López Solórzano, Elena Martínez Fernández Paula Sánchez Basante, Sara Sánchez

Veiga, Sara Soto Pensado, Carla Souto Morán, Noelia Souto Taboada, Gabriela Varela Vidal, Laura Vidal Porto, Cristina Vidal Abuín, Victoria Villaverde Suárez.

3. Información sobre o Marzo Ambiental na Facultade

Se ben non se dispón aínda do programa definitivo, durante o Marzo Ambiental 2025, na Facultade de Ciencias da Educación, téñense previstas as seguintes actuacións:

- 11 de marzo 2025, de 11:30 a 13h, unha palestra práctica sobre residuos e compostaxe organizada pola OMA, e de 18 a 19h, unha palestra sobre alimentación saudable e sustentable a través da colaboración con Nutriciona.
- 18 de marzo 2025, de 11:30 a 13h, unha nova ecoauditoría da auga, organizada pola OMA, de carácter teórico-práctico, aberta a todas as persoas da facultade.
- 25 de marzo, de 11:30 a 13h, unha palestra sobre moda sostible, impartida pola profesora da UDC Noelia Salido, e de 18 a 19h, unha palestra sobre o lixo mariño, organizada pola OMA e impartida polo CEIDA.

Tamén o 1 de abril, de 17 a 19h, realizarase unha mesa informativa sobre hábitos saudables e sostibles.

4. Propostas para a renovación da Bandeira Verde da Facultade

Continuando coa sesión, o profesor Pedro Vega recorda que este ano debemos solicitar novamente a renovación da Bandeira Verde e, polo tanto, solicita a colaboración dos membros do Comité Ambiental para listar as diferentes actividades e accións realizadas no último período, para presentar a documentación debidamente completada. Entre estas actividades e accións, estarían:

- As últimas actualizacións das guías docentes.
- As novas actividades en materia de educación ambiental incorporadas en cada materia, así como aquelas outras que xa levan facéndose diferentes cursos.
- A realización de actividades no medio en áreas como Didáctica das Ciencias Experimentais, das Ciencias Sociais, ou da Expresión Corporal, a falta da Aula da Natureza, solicitada ao equipo reitoral, pero pendente de execución.
- A actualización do Taboleiro de Green Campus, da que se está a encargar a bolsa.
- A creación de novos carteis informativos e para o fomento de hábitos máis sostibles, para o que o profesor Juan Rivadulla consultará como se poden imprimir entremetres non se convoca o concurso para o servizo de reprografía.

- A publicación periódica de contido nas diferentes redes sociais (Facebook, Instagram...), da que se fixo cargo inicialmente a profesora Yamilé Pérez Guilarte, ata a incorporación da bolseira. O profesor Pedro aproveita para agradecer á súa labor tanto á profesora como á bolseira, quen está a desenvolver un traballo moi interesante, creando contido actual e atractivo, como o post sobre a nova opción de alugar bicicletas na Facultade de Ciencias da Educación, grazas á cesión da Oficina de Medio Ambiente, ou a promoción de regalos sostibles en datas sinaladas como San Valentín. Tamén se colgarán os resultados da pegada ecolóxica da Facultade.
- A denuncia do ecocidio que se está a dar en Gaza, a través de diferentes accións e actividades lideradas pola profesora Mar Rodríguez Romero, membro do comité ambiental.

Así mesmo, recórdase a relación de liñas de traballo do Comité Ambiental e a correspondente persoa a cargo:

- Coordinador Técnico: Pedro Vega Marcote.
- Responsable da Xestión de tempos, espazos e recursos da Facultade e saúde: Juan Carlos Rivadulla López
- Responsable da Relación cos Mestrados: Yolanda Golías Pérez.
- Responsable da Ambientalización Curricular, residuos e Economía Circular: Ánxela María Bugallo Rodríguez
- Responsable do Contacto e Dinamización do Alumnado e redes sociais: Cristina Lois Magariños (bolseira)
- Responsable de laboratorios sostibles e secretaría: Lucía Vázquez Ben

Aprovéitase a ocasión para recordar que se enviará proximamente un correo electrónico ao profesorado para solicitar que reduzan o nivel dos radiadores dos despachos a 3. Pídese a colaboración dos compañeiros e compañeiras do Comité para dar ao aviso.

5. Quenda aberta de intervencións

Intervén o profesor Juan Carlos Rivadulla para informar de que xa se enviou o correo ao alumnado sobre o ascensor accesible, isto é, a reserva do ascensor que da acceso á entrada do andar -3 para uso exclusivo das persoas coa mobilidade reducida, pois é principalmente o alumnado que fan uso del, como xa vimos observando e reclamando dende hai varios anos.

Neste sentido, o profesor Pedro Vega propón volver expoñer os cartaces do concurso realizado o curso pasado sobre o fomento do non uso do ascensor, como recordatorio. A profesora Alicia Risso engade que se poderían anunciar tamén nos televisores públicos da facultade.

Toma a palabra a alumna Cristina, como bolseira, para alertar sobre o problema de que as luces dos baños sempre quedan acesas, para o que o profesor Pedro Vega suxire colocar carteis informativos de maior tamaño, e a profesora Alicia Riso suxire substituír as lámpadas por outras que se acendan ao detectar a presenza dunha persoa, que deberían funcionar adecuadamente ao darse en condicións de escuridade (fronte ás das zonas do despacho, que a miúdo non funcionan ben, como sinala a profesora Ánxela Bugallo, posiblemente pola entrada de luz natural nos arredores, dificultando á discriminación de cambios). Tendo ademais en conta a escasa dispoñibilidade de recursos económicos que temos agora mesmo na facultade, propónse probar con dúas ou tres lámpadas e, en función do resultado, reavaliar a medida. A bolseira tamén suxire o uso de sensores.

Por último, infórmase de que, eliminadas as papeleiras das aulas (medida executada a partir da actividade sobre análise de residuos, realizada o curso pasado pola profesora Ánxela Bugallo co alumnado de *Novas Tendencias na Educación Ambiental* do mestrado DIDES), a selección de residuos está mellorando.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 18:40h.

A Coruña, 25 febreiro de 2025,

Lucía Vázquez Ben

Secretaria do Comité Ambiental